

UNHA ALDEA CON BENS Suntuosos

CASTRO DE TROÑA



Durante a segunda Idade do Ferro (s.V a.C.-s.III d.C) os habitantes dos castros dominaban as técnicas para a fundición e transformación de metais, nomeadamente o ferro. Unha pedra de forxa, un fragmento de barquín, así como outras ferramentas de fundidor son algunhas das evidencias do traballo metalúrxico por parte duns poucos artesáns de Troña especializados neste oficio. Tamén nunha das cabanas ovaladas escavadas por Cuevillas e Pericot entre 1927 e 1930 atopáronse múltiples escouras de fundición de ferro e unhas tenaces de ferreiro que os levaron a pensar que esta

actividade artesanal debeu ser de moita importancia durante o tempo no que a aldea estivo ocupada.

Pero nos castros tamén traballaron metais preciosos como o ouro e a prata, sobre todo nas aldeas fortificadas do norte da Gallaecia, onde se fundiron obxectos metálicos suntuosos de moita calidade técnica (machados cerimoniais, torques, brazaletes, fíbulas), os máis deles xoias masculinas. Estas alfaías permitían aos varóns adquirir grandes cotas de poder e control social, xa for dentro das familias coma no conxunto da aldea.

UN FRAGMENTO DE TORQUES


Na campaña arqueolóxica do verán de 1991 descubriuse neste sector do castro un fragmento dun colar ríxido ou torques parcialmente fundido en ouro. Non é unha peza completa, senón un módulo central dun haste que se documentou no exterior dunha agrupación de estruturas de carácter doméstico datadas no século I a.C. Esta peza suntuaria apareceu nun nivel de recheo xunto a cerámicas indíxenas decoradas.

Trátase dunha variña maciza fundida nun metal por determinar (posiblemente prata ou chumbo) de sección case circular que se presenta cuberto por láminas de ouro. **Os torques eran xoias masculinas que lucían os guerreiros no seu colo.**




Os torques son máis frecuentes nos castros do norte de Galicia e Asturias que no sur. Este de Troña é de estilo ártabro, un territorio que engloba as rías de Ferrol, Betanzos e O Burgo, e evidencia que, no momento no que foi agochado, era considerado como unha tesaurización, isto é, un recurso económico pleno, non cultural.

Empregáronse dúas láminas de ouro sobre as que se dispuxo un fino aramio en forma de espiral que converxe nun glóbulo central



Haste ou variña curva fundida en prata, bronce ou cobre e recuberta cunha lámina de ouro



-Lonxitude: 66 mm.
-Grosor: 82-52 mm.
-Diámetro plaquiña: 9 mm.
-Peso: 31,39 gr

Un lingote áureo

Neste sector do poboado tamén se documentou un lingote de amalgama aurífero de 435 gramos que, probablemente, evidencia o traballo de ourives nesta aldea prehistórica. Esta torta de ouro foi atopada na campaña do ano 1989 baixo un lousado datado a finais do século I a.C. e constitúe unha evidencia da explotación de xacementos de ouro a cargo da cultura dos castros antes da romanización. Ata o de agora Troña é un dos cinco castros galaicos nos que se atoparon este tipo de tortas.

